

A ECONOMÍA GALEGA NO ANO 2006

1

1.1 **Crecemento económico: contornos internacional e estatal**

No primeiro capítulo analizaremos a andaina económica galega no ano 2006; nesta primeira epígrafe achegarémonos ao crecemento económico nos ámbitos estatal e internacional, para coñecer o marco xeral no que situar o decorrer económico de Galicia.

No ano 2005 o crecemento económico europeo foi maior que no anterior, aínda que menor que o da economía estadounidense. Seguiu o empuxe da economía chinesa (auténtico protagonista e dinamizador fundamental do comercio internacional neste comezo de milenio).

Estados Unidos continuou co seu crecemento económico, pero o elevado déficit público e, sobre todo, o importante déficit exterior (que cuadriplica a media da OCDE) pesan como grandes lousas sobre esa expansión económica.

A Unión Europea, pola súa banda, reforzou o seu crecemento económico; a principal potencia económica de Europa (Alemaña) consolidou en 2006 a súa recuperación, despois da forte crise anterior.

A economía chinesa continúa cun vertixinoso ritmo de crecemento, que no últimos sete anos estivo sempre por riba do 7%. Segue a impresionante suba do investimento en activos fixos e do investimento directo estranxeiro (de xeito que China é xa a maior receptora mundial do investimento directo) e xa é o maior consumidor do mundo de cemento, carbón, aceiro, níquel ou aluminio e o segundo importador de petróleo. De continuar nos anos vindeiros a súa expansión ao ritmo actual (ou maior, aproveitando o “tirón investidor” vencellado ás infraestruturas co pulo das Olimpíadas de 2008) pode conseguir en poucos anos un posto de “podium” na clasificación das potencias económicas mundiais (xa está en cuarta posición actualmente).

Os índices de crecemento económico do último quinquenio nos nove estados de maior PIB da OCDE (así como as medias da OCDE, da UE-I5 e dos estados europeos da OCDE) poden verse no cadro 1.1. Sobrancea que España se sitúa á cabeza cunha suba acumulada do PIB do 21,7% nese período, seguida de Australia

Crecemento económico. OCDE⁽¹⁾. 2002-2006

■ Cadro 1.1

	% s/PIB da OCDE	2002	2003	2004	2005	2006
OCDE	100,0	102,8	104,8	108,2	111,0	114,6
OCDE Europa	40,9	103,1	104,6	107,4	109,6	113,2
Unión Europea (15)	35,5	103,2	104,4	106,6	108,3	111,4
España	2,9	106,4	109,7	113,2	117,2	121,7
Alemaña	8,4	101,3	101,1	101,9	103,0	106,0
Francia	5,7	103,0	104,2	106,3	107,6	109,8
Italia	5,5	102,1	102,3	103,3	103,5	105,5
Reino Unido	5,2	104,4	107,2	110,7	112,8	116,0
Outros países						
EEUU	35,1	102,3	104,9	109,0	112,5	116,3
Canadá	3,2	104,8	106,7	110,2	113,4	116,5
Xapón	13,6	100,6	102,0	104,8	106,8	109,1
Australia	1,9	106,2	109,5	113,5	116,7	119,8

Prezos constantes. Índice Base 2000.
Fonte: OCDE. “Main Economic Indicators”

(19,8%), Canadá (16,5%), Estados Unidos (16,3) e Gran Bretaña (16%), moi por riba do conxunto da OCDE (14,6%) e sobre todo do rexistrado nos países europeos da OCDE (13,2%) e na UE-I5 (11,4%). O menor crecemento económico no quinquenio analizado tiverono Italia (5,5%) e Alemaña (6%).

No cadro 1.2 presentamos as taxas de desemprego dos nove estados de maior PIB da OCDE no último quinquenio: por segunda vez (e consecutiva) en moitos anos España non ten a maior taxa de paro (despois da redución de 2,6 puntos porcentuais no último trienio) senón que é superior a de Francia (9,4%).

A taxa de desemprego española de 2006 (8,5%) supera en 2,5 puntos porcentuais a media da OCDE, en 1,1 puntos á da UE-I5 e en sete décimas á dos estados europeos membros da OCDE. Tres dos nove estados incluídos nesta clasificación teñen en 2006 unha taxa de paro inferior ao 5% (Estados Unidos, Australia e Xapón).

■ Cadro 1.2

Taxas de desemprego OCDE. 2002-2006

	2002	2003	2004	2005	2006
OCDE	6,9	4,1	6,9	6,6	6,0
OCDE Europa	8,5	8,8	8,9	8,6	7,8
Unión Europea (15)	7,5	7,9	8,0	7,9	7,4
España	11,1	11,1	10,6	9,2	8,5
Alemaña	8,2	9,1	9,5	9,4	8,4
Francia	8,7	9,4	9,6	9,7	9,4
Italia	8,6	8,4	8,0	7,7	6,8
Reino Unido	5,1	4,9	4,7	4,8	5,3
Outros países					
EEUU	5,8	6,0	5,5	5,1	4,6
Canadá	7,6	7,6	7,2	6,7	6,3
Xapón	5,4	5,2	4,7	4,4	4,1
Australia	6,4	6,1	5,5	5,1	4,9

Fonte: OCDE, "Main Economic Indicators"

Unha visión comparativa do crecemento económico na última década en Galicia, España e a Unión Europea témola no cadro 1.3, nel compróbase que:

■ A suba media do PIB galego nese período (3,5%) estivo dúas décimas por baixo do crecemento español, pero 1,2 puntos por riba da media dos vinte e cinco estados que compoñían a Unión Europea até o final de 2006.

■ A suba do PIB foi superior en Galicia que na UE-25 todos os anos pero tan só superou o crecemento económico español nos dous anos que coincidiron con Xacobeos (1999, 2004) e máis no último ano.

1.2 Crecemento económico galego

Nesta epígrafe estudaremos, en primeiro lugar, o crecemento económico galego no último bienio (desde as perspectivas da demanda e da oferta) e despois analizaremos a evolución a longo prazo da produción (globais e por habitante) nas distintas comunidades autónomas; por último, estudaremos os datos galegos e estatais en relación coa Unión Europea.

1.2.1. Evolución do PIB e dos seus compoñentes.

Os datos vistos no cadro 1.3 evidencian que a economía galega tivo un forte crecemento económico no ano 2006 (4,1%), que é o maior dos anos transcorridos do século XXI. Superou en dúas décimas a suba media estatal e en 1,2 puntos a da UE-25.

1.2.1.1. A perspectiva da demanda.

A análise desde a *perspectiva de demanda* dos compoñentes do PIB (cadros 1.4 e 1.5) reflicte que:

■ A achega da *demand interna* ao crecemento do PIB galego en 2006 (4,7 puntos) superou en tres décimas a do ano anterior; aínda que quedou por baixo da achega estatal. O maior aumento deuse (ao igual que no trienio anterior) no apartado da formación bruta de capital (cunha suba dun 5,3%, unha décima por riba do valor do ano anterior).

■ A achega do sector exterior á economía galega foi máis positiva que no ano 2005, porque a suba das exportacións de bens e servizos (6,8%) duplicou a do ano anterior (3,3%) mentres que a das importacións aumentou menos (pasou do 4,3% ao 6,3%).


■ Cadro 1.3

Crecemento do PIB⁽¹⁾
Galicia, España e UE. 1996-2006

	Galicia	España	UE-25
1996	1,9	2,4	1,8
1997	3,9	3,9	2,7
1998	4,1	4,5	2,9
1999	5,4	4,7	3,0
2000	4,6	5,1	3,9
2001	3,5	3,7	2,0
2002	2,3	2,7	1,2
2003	2,6	3,1	1,3
2004	3,5	3,3	2,4
2005	3,3	3,5	1,7
2006	4,1	3,9	2,9
1995-2006	3,5	3,7	2,3

(1) En porcentaxe en termos reais.
Fonte: IGE, INE e Eurostat.

Evolución do PIB 1996-2006



■ Cadro 1.4

Evolución do PIB. Perspectiva da demanda. España 2005-2006

	2005				2006			
	I T.	II T.	III T.	IV T.	I T.	II T.	III T.	IV T.
Produto interior bruto	3,4	3,5	3,6	3,6	3,7	3,8	3,8	4,0
Gasto en consumo final dos fogares	4,4	4,4	4,1	3,8	3,7	3,6	3,6	3,7
Gasto en consumo final das ISFLSH	6,6	6,0	6,3	4,6	4,6	4,8	4,6	5,8
Gasto en consumo final das AAPP	5,5	4,3	4,5	4,9	4,3	4,4	4,2	4,9
Formación bruta de capital	6,8	7,4	7,1	6,6	6,3	6,2	6,4	6,4
-Bens de equipo	9,2	9,8	8,3	8,6	8,6	9,1	9,6	11,4
-Construción	6,0	6,2	6,3	5,6	5,8	5,8	6,2	5,7
-Outros produtos	6,4	8,0	8,4	7,4	4,8	3,3	3,0	1,7
Variación de existencias ^(*)	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1	0,1	0,1	0,0
Demanda nacional ^(*)	5,4	5,3	5,2	5,0	4,8	4,8	4,8	4,9
Exportación de bens e servizos	-0,8	1,8	2,5	2,3	9,5	4,9	3,4	7,3
Importación de bens e servizos	5,9	7,7	7,7	6,6	11,6	7,3	6,0	8,8

Taxas de variación interanuais.

*Achea ao crecemento do PIB a prezos de mercado

Fonte: INE. Contabilidade Nacional Trimestral de España.

■ Cadro 1.5

PIB de Galicia. Componentes da demanda. 2005-2006

	2005	2006	2005				2006			
			I T.	II T.	III T.	IV T.	I T.	II T.	III T.	IV T.
Produto interior bruto	3,3	4,1	3,0	3,3	3,2	3,7	3,9	4,0	4,0	4,2
Gasto en consumo final	3,4	3,5	3,0	3,6	3,2	3,6	3,5	3,3	3,6	3,7
Fogares	3,2	3,4	3,0	3,3	3,2	3,4	3,4	3,2	3,4	3,7
AA.PP. e ISFLSH	3,8	3,9	3,1	4,5	3,1	4,5	3,9	3,5	4,2	3,8
Formación bruta de capital	5,2	5,3	5,1	4,4	4,3	4,2	5,7	4,3	5,0	6,3
Demanda interna*	4,4	4,7	4,1	5,4	4,0	4,3	4,8	4,1	4,6	5,2
Exportacións de bens e servizos	3,3	6,8	1,8	3,6	3,4	4,3	10,5	7,8	3,9	5,2
Importacións de bens e servizos	4,3	6,3	3,3	4,4	3,9	5,4	7,2	6,4	6,2	5,5

*Achea ao crecemento do PIB

Fonte: INE. Contabilidade trimestral.

1.2.1.2. A perspectiva da oferta.

A perspectiva da oferta da evolución por trimestres do PIB de Galicia e España figura no cadro 1.6. A análise das taxas de variación interanual reflicte no cuarto trimestre que:

■ En Galicia o maior crecemento tiveron en 2006 o sector enerxético, o agro-pesqueiro e a industria (coincidindo, pero en distinta orde, cos de maior suba na media estatal).

■ Tanto na economía galega como na española todos os compoñentes analizados presentaron signo positivo, agás a construción.

■ Cadro 1.6

PIB Galicia e España. Perspectiva da oferta. 2006

	Galicia				España			
	I T.	II T.	III T.	IV T.	I T.	II T.	III T.	IV T.
Agricultura e pesca	4,7	2,7	-4,8	5,7	-3,2	0,1	-0,5	4,3
Construción	6,2	8,2	0,9	-0,5	3,2	3,2	3,9	-2,1
Enerxía	6,6	5,6	-0,3	7,3	1,9	2,8	4,0	4,4
Industria	4,2	4,1	4,2	4,5	5,3	5,0	5,8	5,0
Servizos de mercado	4,0	4,3	3,9	4,0	3,9	3,5	3,2	3,3
Servizos non de mercado	3,7	2,9	4,7	3,2	3,9	3,6	3,8	4,5
PIB	3,9	4,0	4,0	4,2	3,7	3,8	3,8	4,0

Taxas de variación interanual en %.
Fonte: IGE e INE.

1.2.2. Crecemento económico galego e das distintas comunidades autónomas

Ademais da evolución do PIB en Galicia, España ou a UE aos que fixemos referencia anteriormente, tamén é importante estudar a súa evolución nas diversas nacionalidades e rexións, para situar a Galicia na posición que lle corresponda dentro do decorrer económico autonómico. Para esta análise a fonte non pode ser o IGE, xa que, obviamente, o organismo estatístico oficial galego ten por finalidade o estudo da nosa realidade, non a doutras comunidades; xa que logo, a fonte que utilizaremos principalmente será a do instituto estatístico oficial (INE) e complementarémoslo con outra privada (FUNCAS).

O INE fai a súa estimación anual do crecemento económico das comunidades autónomas a través da *Contabilidad Regional de España*, que está adaptada ao novo sistema metodolóxico instaurado no conxunto da UE.

Os datos do ano 2006 reflicten (ao igual que os do IGE) que o PIB galego creceu un 4,1%. Na clasificación por crecemento das comunidades autónomas do cadro 1.7 sobrancea que:

■ Galicia medrou dúas décimas máis que a media estatal e marcou o maior crecemento económico en 2006 (igualada con outras tres comunidades autónomas).

■ O menor crecemento económico tiveróno Ceuta, Melilla, A Rioxa e Canarias, anque en todas elas a suba do PIB superou á da UE-25.

O cadro 1.8 mostra o PIB por habitante das distintas comunidades autónomas, así como as medias estatal e da Unión Europea. Só tres comunidades (Castela-A Mancha, Andalucía, Estremadura) teñen en 2006 un PIB *per cápita* inferior ao galego.

Sen dúbidas, o crecemento económico dun ano concreto non é o fundamental para conseguir o achegamento ás sociedades cun nivel de desenvolvemento maior; o importante é o esforzo continuado nun prazo longo para ir acurtando ese diferenza. Xa que logo, imos tratar agora desta andaina na procura da converxencia de Galicia no último quinquenio cos niveis medios de renda do estado ou do conxunto da UE.

Se estudamos o comportamento do PIB no período 2000-2006, os datos comparativos co crecemento medio estatal que figuran no cadro 1.9 explicitan que, desde a perspectiva do INE:


**Taxa de crecemento⁽¹⁾ do PIB en 2006.
Por comunidades autónomas**

■ Cadro 1.7

	Var. 2005/04
Andalucía	3,9
Aragón	4,0
Asturias	3,7
Illas Baleares	3,5
Canarias	3,4
Cantabria	4,1
Castela A Mancha	3,9
Castela e León	3,6
Cataluña	3,8
C. Valenciana	4,0
Estremadura	3,5
Galicia	4,1
Madrid	3,9
Murcia	4,1
Navarra	3,9
País Vasco	4,1
A Ríoxa	3,4
Ceuta	3,3
Melilla	3,3
España	3,9
UE-25	2,9

(1) En termos reais

Fonte: INE. "Contabilidad Regional de España."



Produto Interior Bruto per cápita⁽¹⁾. Por CCAA. 2006
■ Cadro 1.8

	Por riba da media nacional		Por baixo da media nacional
C. de Madrid	28.850	Cantabria	21.897
País Vasco	28.346	Castela e León	21.244
C. Foral Navarra	27.861	C. Valenciana	20.239
Cataluña	26.124	Ceuta	20.171
Illas Baleares	24.456	Melilla	19.929
Aragón	23.786	Canarias	19.924
A Ríoxa	23.495	Ppdo. Asturias	19.868
		R. de Murcia	18.400
		Galicia	18.335
		Cast. A Mancha	17.339
		Andalucía	17.251
		Extremadura	15.054
España	22.152		
UE 25	24.500		

(1) En euros por habitante.
Fonte: INE, EUROSTAT.

**Taxa de Crecemento Anual Media do PIB entre 2000 e 2006.
Por comunidades autónomas**
■ Cadro 1.9

	Por riba da media nacional		Por baixo da media nacional
R. de Murcia	3,88	C. Valenciana	3,32
Andalucía	3,72	Aragón	3,32
Cast. A Mancha	3,52	Melilla	3,23
C. de Madrid	3,51	Cataluña	3,21
Extremadura	3,50	C. Foral Navarra	3,20
Cantabria	3,44	Castela e León	3,18
Canarias	3,41	País Vasco	3,08
Ceuta	3,37	Galicia	3,08
		A Ríoxa	2,87
		Ppdo. Asturias	2,83
		Illas Baleares	2,30
España	3,34		

En termos reais.
Fonte: INE, "Contabilidad Regional de España".

■ O crecemento medio anual do PIB galego foi do 3,08%, un cuarto de punto por baixo da media estatal (3,34%); é dicir, nese período a media española de suba do PIB superou nun 8,5% á galega.

■ Só tres comunidades autónomas (Baleares, Asturias e A Ríoxa) tiveron unha suba media anual do PIB inferior á de Galicia, e o País Vasco tivo o mesmo crecemento.

Varias comunidades autónomas que compartiron moitos anos con Galicia as posicións relativas de menor PIB por habitante no ranking estatal (como Andalucía, Canarias, Castela – A Mancha, Extremadura e Murcia) tiveron no último sexenio un crecemento económico maior que a media estatal, o que pode reflectir, entre outras cousas, un mellor

Produto Interior Bruto per cápita en PPA. 2005

■ Cadro 1.10

	Por riba da media europea		Por baixo da media europea
C. de Madrid	128	España	98
País Vasco	124	Cantabria	96
C. Foral Navarra	123	Castela e León	92
Cataluña	116	C. Valenciana	90
Illas Baleares	109	Ceuta	89
		Canarias	89
A Ríoxa	105	Melilla	88
Aragón	104	Ppdo. Asturias	86
		R. Murcia	82
		Galicia	80
		Cast. A Mancha	77
		Andalucía	76
		Extremadura	66

Índice Unión Europea UE-25= 100
Fonte: EUROSTAT

aproveitamento dos importantes fondos recibidos da UE nese tempo para potenciar o seu desenvolvemento económico. En todo caso, o que si constatan inequivocamente os datos é que no período 2000-2006 esas comunidades avanzaron na xeración de PIB en relación coa media estatal (fose coa mellor utilización dos fondos procedentes da UE, dos estatais ou dos propios de que dispón cada comunidade autónoma).

Como consecuencia do menor crecemento económico en Galicia que na media estatal, a participación de Galicia na xeración do total do PIB español, que en 1995 era do 5,6% segundo o INE, pasou unha década despois ao 5,1%. Velaí unha boa proba da Galicia economicamente “minguante” na xeración de riqueza do estado español.

Os últimos datos de Eurostat sobrancean que Galicia (cun 80% do PIB por habitante na media da UE-25) ocupa o cuarto posto “comezando pola cola” no ranking das comunidades autónomas; a media española está moi próxima á media a UE-25.

Os datos da Fundación FUNCAS non certifican que en 2006 Galicia fose unha das comunidades con maior crecemento económico (a diferenza dos datos do INE) posto que estiman unha suba do PIB galego dun 3,57% fronte ao 3,73% da media estatal. Madrid (4,19%), Murcia (3,95%) e Andalucía (3,87%) encabezan este *ranking* autonómico, que pecha Baleares (2,81%).

1.3 Crecemento económico e xeración de emprego. Produtividade do traballo

O crecemento económico non é un fin en si mesmo; a súa finalidade é darlle pulo a unha sociedade de maior benestar; e nesa andaina a creación de máis e mellor emprego para a súa poboación é un paso irrenunciable. Achegarémonos primeiro á análise de en que medida o crecemento económico se converteu nos últimos anos en xeración de emprego en Galicia e pasaremos despois ao estudo da produtividade do traballo.

1.3.1. A xeración de emprego en Galicia

Abordaremos este estudo desde a perspectiva das “Contas Económicas”, polo que nos referiremos aos postos de traballo equivalentes a tempo completo-; outra perspectiva sería a da EPA, que é a que empregaremos no capítulo 3 para achegarnos á poboación ocupada, tanto globalmente como desagregada por sexos, sectores económicos, grupos de idade, provincias, situación profesional, carácter temporal ou indefinido do contrato, etc; remitimos a ese epígrafe aos interesados/as en afondar nalgún deses aspectos da ocupación en Galicia.

O cadro 1.11 permítenos avaliar a xeración de emprego en Galicia no último ano e máis nunha perspectiva temporal máis ampla. No tocante á xeración de emprego en 2006 salientaremos que:

Evolución do emprego. 1995, 2005 e 2006. Galicia

■ Cadro 1.11

	1995	2005 (A)	2006 (A)
Agricultura e pesca	206.842	120.301	115.758
Energía	11.894	11.274	10.989
Industria	124.904	158.571	161.267
Construción	96.964	140.704	147.545
Servizos de mercado	312.672	451.088	473.643
Servizos de non mercado	183.921	209.588	215.796
Total	937.197	1.091.526	1.124.998

En postos de traballo equivalentes (PTE)
Fonte: IGE. Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2006
(A) Avance

■ A xeración neta de emprego en Galicia foi de 33.470 (en postos de traballo equivalentes a tempo completo), o que supón un crecemento anual dun 3,1% (que ascende ao 3,3% se se collen os datos interanuais do cuarto trimestre) . Sectorialmente, os servizos e a construción tiveron a maior suba mentres que o sector agro-pesqueiro presentou a maior diminución.

No tocante á xeración de emprego a longo prazo en Galicia, salientaremos que desde 1995:

■ A suba do emprego neto foi de 187.799 postos de traballo (equivalentes a tempo completo), o que representa un crecemento acumulado do 20%.

■ A análise sectorial reflicte que sobrancean a capacidade xeradora de emprego neto dos servizos (especialmente do subsector de *servizos de mercado*, cunha xeración neta de 160.971 empregos, 51,5% de aumento) e da construción (50.581 empregos netos, 52% de aumento); en sentido contrario sobrancea o sector agro-pesqueiro, cunha perda de 91.084 empregos netos (44% do emprego que tiña en 1996).

O cadro 1.12 permítenos o seguimento da estrutura do emprego en Galicia por ramas desde 1995 até 2006. Destacaremos que:

■ Os *servizos de mercado* representan na actualidade a columna vertebral do emprego galego (cun 42,1%) e o total do sector servizos supón xa un 61,3% do emprego total de Galicia.

Estrutura do emprego por ramas. Galicia

■ Cadro 1.12

	1995	2006 ^(A)
Agricultura e pesca	22,1	10,3
Enerxía	1,3	1,0
Industria	13,3	14,3
Construción	10,3	13,1
Servizos de mercado	33,4	42,1
Servizos de non mercado	19,6	19,2
Total	100	100

En postos de traballo equivalentes a tempo completo (%)

Fonte: IGE. Contas económicas. Base 2000. Serie 1995-2006

(A) Avance

■ Na evolución do emprego en Galicia de 1995 a 2006 salientaremos a forte redución do agro-pesqueiro (en 11,8 puntos porcentuais, un 53,4% de diminución) e o notable aumento dos *servizos de mercado* (8,7 puntos porcentuais).

Para facilitar o labor das persoas que desexen afondar neste estudo cunha perspectiva máis desagregada temporalmente, presentamos no cadro 1.13 as taxas de variación interanual do emprego de Galicia nas diversas ramas (e máis no conxunto da economía galega) nos oito últimos trimestres.

■ Cadro 1.13

Emprego por ramas de actividade. Taxas de variación interanuais. Galicia. 2005-2006^(A)

	2005				2006			
	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV
Postos de traballo equivalentes a tempo completo total	2,6	2,2	2,2	1,6	3,2	3,0	2,7	3,3
Ramas agraria e pesqueira	2,0	-2,3	-2,0	-8,5	-5,3	-3,7	-5,6	-0,4
Ramas enerxéticas	-0,9	-0,8	-1,4	-1,3	-2,6	-2,8	-2,5	-2,3
Ramas industriais	0,1	-0,1	0,1	-0,1	1,6	1,8	1,7	1,7
Construción	2,4	3,5	3,6	3,9	4,9	4,6	5,1	4,9
Ramas dos servizos	3,5	3,5	3,4	3,6	5,0	4,3	4,1	4,0
Servizos de mercado	4,4	4,3	4,3	4,0	5,8	5,2	4,6	4,4
Servizos non de mercado	1,7	1,9	1,3	2,7	3,4	2,5	2,8	3,2

En postos de traballo equivalentes a tempo completo (%)

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

(A) 2005, 2006 avance

I.3.2. Produtividade do traballo

A *produtividade* é o cociente entre a produción e os recursos utilizados para obtela. Estudaremos aquí a *produtividade do traballo*, entendida coma o cociente entre a produción e o emprego de recursos humanos que a fixeron posible.

A *produtividade* é, xa que logo, a produción xerada por unha unidade de factor produtivo; na nosa análise o factor produtivo focalizado vai ser o factor traballo.

Obviamente, a mellora da produtividade do traballo é unha esixencia para a mellora da competitividade empresarial, necesidade cada vez máis evidente nun mercado

globalizado. Conseguiar esa mellora da produtividade implica ir mellorando a formación bruta de capital, o capital humano con que contan as empresas, a organización empresarial, etc.

A produtividade é un factor determinante do desenvolvemento económico dun país; en palabras de Paul Krugman: “La productividad no lo es todo, pero, a largo plazo, lo es casi todo”. De feito, nunha economía crecentemente competitiva a nivel internacional, as melloras da produtividade son un sólido pilar no que debe asentarse a competitividade externa.

Noutros apartados deste *Informe Sociolaboral* incidimos na análise do investimento en I+D+i en Galicia (capítulo 2), no gasto en formación (capítulo 10) e en moitos outros condicionantes da produtividade do traballo na economía galega; velaí un exemplo: a alta porcentaxe da contratación temporal, que vai en contra da ganancia de produtividade que se pode conseguir cando alguén se especializa nun traballo e non motiva dabondo a persoas que están traballando sometidas a unha rotación laboral excesiva.

Sabedores de que a análise desde unha perspectiva integral dos factores condicionantes da produtividade do traballo reborda en moito o obxectivo deste epígrafe, recolleemos aquí os datos de produtividade do traballo en Galicia desde unha dobre perspectiva: a do Instituto Galego de Estatística (para o ámbito territorial galego) e a de FUNCAS (para poder facer un seguimento comparativo das distintas comunidades autónomas).

O IGE estimou nas súas *Contas Económicas* que a produtividade do traballo en 2006 medrou un 0,9% (estimando a variación interanual do cuarto trimestre), porcentaxe practicamente coincidente co crecemento medio estatal (1%). Nunha perspectiva temporal ampla, o IGE estima que a suba da produtividade do traballo en Galicia acumulada desde 1995 até 2006 foi dun 22%.

FUNCAS, pola súa banda, cuantificou en 2006 no dobre que o INE a suba da produtividade do traballo media estatal e no triplo que o IGE a de Galicia. Os datos do cadro 1. 14 reflicten que Galicia ocuparía a cuarta posición entre as comunidades autónomas polo crecemento da produtividade (0,77 puntos porcentuais por riba da variación media española).

A maior suba da produtividade do traballo en Galicia, que na media estatal parece moi coherente co menor crecemento relativo na nosa comunidade presenta nos últimos anos o emprego (moi especialmente o de inmigrantes, que se está a dar especialmente en postos de traballo cunha man de obra pouco cualificada). Non debemos esquecer que os estudos comparativos a nivel internacional reflicten que si na media española a produtividade *por persoa* empregada era en 1999 un 92,7% da media da UE-15, diminuíu até un 89,3% en 2005 (entre outras cousas polo forte aumento desde entón do emprego da poboación inmigrante (maioritariamente como man de obra non cualificada) e da contratación a tempo parcial. Así mesmo, a produtividade *por hora* traballada na media española acadou o máximo en 1995 cun 92,4% da media da UE-15, caendo gradualmente con posterioridade até un 88,3% en 2005 (en boa parte, polo excesivo peso relativo da contratación temporal).

**Clasificación por produtividade.
Por comunidades autónomas. 2006**

■ Cadro 1.14

Estremadura	3,25
País Vasco	3,18
Castela e León	3,07
Galicia	2,85
Asturias	2,35
Madrid	2,15
Navarra	2,09
Cataluña	2,00
Murcia	1,91
Aragón	1,87
Canarias	1,80
C. Valenciana	1,77
Cantabria	1,70
Castela A Mancha	1,54
Andalucía	1,53
A Ríoxa	1,28
Baleares	1,09
España	2,08

Fonte: FUNCAS, "Cuadernos de Información Económica", nº 196, xaneiro/febreiro 2007.

1.4 Comercio exterior

Ao estudar o *comercio exterior español* é evidente que nos estamos a referir ás transaccións con orixe ou destino alén do seu territorio. Menos claro resulta o concepto de *comercio exterior galego*, xa que podemos referirnos tamén a todas as transaccións con orixe ou destino en Galicia ou ben tan só a unha parte dese total: ás transaccións con orixe ou destino fóra de España; este último é o enfoque predominante na literatura económica (e será o que usaremos tamén nós aquí, agás no epígrafe 1.4.2) entre outras razóns polas maiores facilidades de información estatística (por contar con datos mensuais aportados polo Departamento de Aduanas).

1.4.1. Comercio galego co estranxeiro.

1.4.1.1. Exportacións, importacións e saldo comercial.

A análise trimestral dos datos correspondentes a Galicia da balanza comercial española do ano 2006 podemos facelo ao fío do cadro 1.15; nel podemos apreciar a evolución das exportacións, as importacións, o saldo comercial (valor das exportacións menos o das importacións) e a taxa de cobertura (porcentaxe que representa o valor das exportacións sobre o das importacións). Constátase que:

■ O crecemento das importacións foi continuo ao longo do ano, mentres que o das exportacións presentou unha diminución importante no terceiro trimestre.

■ Cadro 1.15

Comercio exterior de Galicia. Por trimestres. 2005-2006

	2005				2006			
	I T.	II T.	III T.	IV T.	I T.	II T.	III T.	IV T.
Importacións	2.783.926	3.577.191	3.138.278	4.087.358	3.565.965	3.929.234	4.034.038	4.078.046
Exportacións	2.609.052	2.993.220	2.711.191	3.753.198	3.501.191	3.628.697	3.358.467	3.835.208
Saldo comercial	(-174874)	(-583971)	(-427087)	(-334160)	-64.774	-300.537	-675.571	-242.838
Taxa de cobertura	93,7	83,7	86,4	91,8	98,2	92,4	83,3	94,0

Datos en miles de euros (agás taxa cobertura, en %).
 Fonte: Departamento de aduanas e impostos especiais.

■ O déficit comercial foi especialmente intenso no terceiro trimestre e o mínimo acadouno no primeiro trimestre.

■ A taxa de cobertura moveuse nun abano que foi do 83,3% do terceiro trimestre ao 98,2% do primeiro.

Na desagregación territorial do comercio galego co estranxeiro, cómpre subliñar que a provincia de Pontevedra segue a ser o auténtico motor de explosión das exportacións galegas, posto que o valor das súas vendas ao estranxeiro dobra á suma das outras tres provincias, e segue a ser ademais unha das provincias que ten maior superávit comercial en toda España.

1.4.1.2. A taxa de cobertura do comercio galego co estranxeiro.

A evolución da taxa de cobertura do ano 2006 vista anteriormente cobra máis sentido se a vemos no contexto dun período temporal máis longo; no cadro 1.16 presentamos os datos dos dez e seis últimos trimestres; destacaremos que:

■ No ano 2003 as taxas de cobertura positivas do primeiro semestre non tiveron continuidade no segundo, no que a balanza comercial volveu á súa situación tradicional de déficit (e, xa que logo, a taxa de cobertura estivo por baixo do nivel 100) anque moi por riba da taxa de cobertura estatal (74,6%).

■ A forte suba da taxa de cobertura no primeiro trimestre de 2004 rachou xa no segundo e quedou desde entón estabilizada ao longo dese ano ao redor do 92% (oito puntos por baixo do equilibrio do comercio exterior).

■ En 2005 deuse un forte deterioro da taxa de cobertura no segundo trimestre, que practicamente se recuperou no segundo semestre, pechándose o ano cun valor moi semellante ao do cuarto trimestre do ano anterior.

■ En 2006 estívoase a piques de lograr o equilibrio comercial no primeiro trimestre, deteriorándose progresivamente no semestre seguinte a taxa de cobertura e recuperándose con forza no último trimestre do ano.

Taxa de cobertura. Galicia 2003-2006.
Por trimestres

■ Cadro 1.16

	Taxa de Cobertura
2003	
I T.	100,1
II T.	102,3
III T.	92,2
IV T.	95,6
2004	
I T.	107,0
II T.	91,5
III T.	92,6
IV T.	92,5
2005	
I T.	93,7
II T.	83,7
III T.	86,4
IV T.	91,8
2006	
I T.	98,2
II T.	92,4
III T.	83,3
IV T.	94,0

Fonte: ICEX. Base de datos ESTACOM

1.4.1.3. Distribución por produtos.

Unha das características do comercio exterior galego é o seu carácter intraindustrial: importamos moitas materias primas (e bens de equipamento) para producir e exportar produtos elaborados. A notable importancia do comercio intraindustrial reflíctese cun dato: os cinco primeiros capítulos arancelarios das exportacións galegas están todos entre os sete primeiros das nosas importacións.

Na análise das principais mercancías exportadas por Galicia sobrancearemos, ao fío do cadro 1.17:

■ Cadro 1.17

Principais capítulos de exportación. Galicia. 2006

	Exportacións	Miles de euros	% ⁽¹⁾	TVI % ⁽²⁾
1	Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos	4.914.275	53,6	17,6
2	Navegación marítima ou fluvial	1.499.573	16,4	18,2
3	Prendas e complementos de vestir, agás os de punto	1.151.491	12,6	25,9
4	Peixes, crustáceos e moluscos	895.446	9,8	7,0
5	Prendas e complementos de vestir de punto	701.276	7,7	30,5
	Total	9.162.061	100,0	18,1

(1) Porcentaxe sobre o total de exportacións.

(2) Taxa de variación interanual (en porcentaxe).

Fonte: Departamento de Aduanas e Impostos Especiais.

- A notable estabilidade: os cinco capítulos do arancel con maior valor das exportacións son os mesmos que no ano anterior; e sen ningún cambio na orde.
- A especialización das nosas vendas ao estranxeiro céntrase moi especialmente en tres apartados: *transporte* (terrestre e marítimo), *téxtil* e o vencellado cos recursos naturais (*peixes, crustáceos e moluscos*).
- Que se dá nas vendas galegas ao estranxeiro un grao de concentración sectorial moi elevado, xa que máis da metade das exportacións (un 52,8%) concéntrase nos tres primeiros capítulos arancelarios do cadro I.17; isto conleva un risco: maior vulnerabilidade que se a nosas vendas ao estranxeiro estivesen máis diversificadas. Con todo, é perceptible unha diminución importante desta porcentaxe no último bienio (pois era un 59,3% en 2004) especialmente pola forte diminución do capítulo automobilístico.
- Aínda despois da diminución de 12,5 puntos no bienio 2003-2005, as exportacións galegas do sector automobilístico seguen moi por diante de calquera outro sector. Ao redor das tres cuartas partes destas vendas ao estranxeiro corresponden a automóbiles e o resto a compoñentes para automóbiles, sector este que gañou posicións nos últimos anos.
- Ningún capítulo arancelario dos recollidos no cadro I.17 presentou unha taxa de variación interanual negativa, mentres que no ano anterior o fixera o automobilístico.
- Polo forte ritmo de crecemento do último ano, sobrancean especialmente os dous apartados vencellados coas *prendas e complementos de vestir*.
- Para avaliar correctamente o capítulo arancelario referente á *navegación marítima e fluvial*, cómpre non esquecer que anque a construción dun buque é unha actividade plurianual, a súa contabilización nun exercicio concreto fai dispararse nese ano o valor das exportacións ou das importacións. Ademais, na metodoloxía utilizada polo *Departamento de Aduanas* para a elaboración das estatísticas de comercio exterior; o valor dos buques reparados nos asteleros galegos contabilízase no apartado das importacións ao entrar e no das exportacións ao saír da reparación, o que explica en parte a elevada actividade contabilizada no comercio exterior galego neste epígrafe arancelario, anque en sentido estrito non sería comercio co exterior.
- Na análise das principais mercancías importadas por Galicia sobrancearemos, ao fío do cadro I.18;
- A estabilidade: os cinco primeiros capítulos do arancel con maior valor son os mesmos que nos anos anteriores, anque intercambiándose a posición os epígrafes terceiro e cuarto.
- Polo forte ritmo de crecemento do último ano, sobrancea especialmente o apartado de *fundición, ferro e aceiro*, mentres que, pola contra, houbo unha importante diminución do epígrafe de *navegación marítima e fluvial*; para avaliar correctamente a evolución deste capítulo arancelario en 2006 cómpre non esquecer que anque a construción dun buque é unha actividade plurianual, a súa contabilización nun exercicio concreto fai dispararse nese ano o valor das exportacións ou das importacións. Ademais, na metodoloxía utilizada polo *Departamento de Aduanas* para a elaboración das estatísticas de comercio exterior; o valor dos buques reparados nos asteleros galegos contabilízase no apartado das importacións ao entrar e no das exportacións ao saír da reparación.

■ Que nas nosas compras no estranxeiro hai un grao de concentración sectorial moi elevado, xa que en 2006 case a metade do importe total das nosas importacións (exactamente un 47,2%) produciuse nos tres primeiros capítulos arancelarios recollidos no cadro 1.18; esa concentración é algo superior á do pasado ano (46,6%).

■ As importacións galegas do sector automobilístico seguen encabeizando esta clasificación; a maior parte destas compras corresponden a compoñentes para automóviles, e son necesarias para o funcionamento da factoría viguesa de PSA Peugeot Citroën; velaí un bo exemplo de *comercio intrafirma*.

■ Cadro 1.18

Principais capítulos de importación. Galicia. 2006

	Importacións	Miles de euros	% (1)	TVI (2)
1	Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos	3.204.701	35,1	12,2
2	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos	2.422.853	26,5	15,3
3	Peixes, crustáceos e moluscos	1.552.721	17,0	11,5
4	Navegación marítima ou fluvial	1.049.429	11,5	-29,2
5	Fundición, ferro e aceiro	912.170	10,0	29,4
	Total	9.141.874	100,0	10,6

(1) Porcentaxe sobre o total de exportacións.

(2) Taxa de variación interanual (en porcentaxe)

Fonte: Departamento de Aduanas e Impostos Especiais.

1.4.1.4 Distribución xeográfica.

A distribución por estados das exportacións galegas (cadro 1.19) constata:

■ Que os tres primeiros clientes de Galicia son en 2006 os mesmos (e na mesma orde) que no ano anterior: Francia, Portugal e Italia; concentran máis da metade (53,4%) das vendas de Galicia ao estranxeiro.

Principais destinos das exportacións galegas. 2006

■ Cadro 1.19

	Miles de euros	% (1)	TVI (2)
1 Francia e Mónaco	4.662.490	32,5	18,2
2 Portugal	2.174.519	15,2	5,8
3 Italia	815.913	5,7	26,6
4 EE.UU.	590.502	4,1	168,2
5 Noruega	546.924	3,8	123,8
6 Reino Unido	481.109	3,4	5,2
7 Alemaña	415.915	2,9	9,9
8 Países Baixos	375.646	2,6	1,8
9 Marrocos	307.893	2,1	49,6
10 Bermudas	299.623	2,1	-
Resto de países	3.653.569	25,5	1,4
Total	14.324.103	100,0	18,1

(1) Porcentaxe sobre o total de exportacións

(2) Taxa de variación interanual (en porcentaxe)

Fonte: Departamento de Aduanas e Impostos Especiais

■ A notable suba porcentual das nosas exportacións a Estados Unidos e Noruega, e o pequeno aumento (1,4%) das vendas galegas aos estados non incluídos no listado do cadro 1.19.

■ Que os dez primeiros clientes concentran en 2006 un 74,5% do valor total das nosas vendas ao exterior (oito décimas máis que no ano anterior); os dous primeiros (Francia-Mónaco e Portugal) conxuntamente supoñen case a metade (un 47,7%, anque 1,9 puntos menos que no ano anterior).

Nos nosos principais provedores, pola súa banda, subliñaremos ao fío do cadro 1.20 que:

■ A comparanza cos dez estados que encabezaban esta clasificación en 2005 explicita que os catro primeiros son os mesmos e pola mesma orde, todos eles da Unión Europea; entra con forza China nesta clasificación, despois da suba dun 25,5%.

■ Os tres estados aos que máis lles mercamos son os mesmos que encabezan a clasificación dos nosos clientes principais e todos eles son membros da Unión Europea.

■ Respecto do visto cos estados clientes, é menor a concentración territorial, xa que os dous primeiros clasificados non chegan a concentrar a metade do valor total das nosas importacións senón un 32,1% (para chegar ao 50% hai que sumar os seis primeiros países). A diversificación do importante volume de importacións dos *combustibles minerais* é unha das razóns.

■ Baixou en 2006 o valor das importacións de Noruega, mentres que os maiores aumentos porcentuais tiverono Rusia, Estados Unidos e China, entre os dez estados analizados.

Principais provedores de Galicia. 2006

■ Cadro 1.20

		Miles de euros	% ⁽¹⁾	TVI ⁽²⁾
1	Francia e Mónaco	2.968.885	19,5	12,4
2	Portugal	1.910.886	12,6	17,8
3	Italia	696.977	4,6	8,8
4	Alemaña	695.629	4,6	15,7
5	México	665.523	4,4	27,5
6	Reino Unido	654.951	4,3	11,7
7	EE.UU.	578.911	3,8	80,3
8	Noruega	497.084	3,3	-3,8
9	China	495.504	3,3	25,5
10	Rusia	344.500	2,3	71,2
	Resto de países	5.707.858	37,5	0,1
	Total	15.216.708	100,0	10,6

(1) Porcentaxe sobre o total de importacións

(2) Taxa de variación interanual (en porcentaxe)

Fonte: Departamento de Aduanas e Impostos Especiais

1.4.2. Saldo comercial co estranxeiro e con outras comunidades autónomas.

Como sinalabamos ao comezar o estudo do *comercio exterior galego*, unha das acepcións deste concepto (e a máis axeitada lingüisticamente, aínda que certamente a menos usual na literatura económica) abrangue todas as transaccións con orixe ou destino fóra de Galicia. Inclúe, xa que logo, ademais das transaccións realizadas co estranxeiro, as efectuadas coas outras comunidades autónomas (por certo cuantitativamente moi superiores ás outras: o dobre); para evitar confusións, referirémonos a elas como comercio exterior *total*. O seu estudo pódese facer ao traveso das táboas input-output ou mesmo indirectamente pola diferenza entre a produción e a demanda interna dunha comunidade.

A diferenza entre estudar as transaccións de Galicia fóra do noso territorio ou face-lo das transaccións de Galicia fóra de España implica unha importante modificación do valor dos indicadores cos que adoitan avaliarse as relacións comerciais dun país (saldo comercial, taxa de cobertura, etc); concretamente, no saldo do comercio exterior galego, o déficit que Galicia ten nas súas relacións co estranxeiro transfórmase nun fortísimo déficit cando estudamos todo o comercio fóra de Galicia.

No cadro 1.21 podemos comprobar o saldo exterior *total* (sumado, como xa dixemos, o comercio internacional e o comercio coas outras comunidades autónomas do estado español); compróbase nel que:

■ Sete comunidades rexistraron en 2006 un saldo positivo; por orde de maior a menor saldo exterior en termos absolutos foron: Madrid, Cataluña, C.Valenciana, País Vasco, Navarra, Baleares e A Ríoxa; son as mesmas que no ano anterior, pero con varios cambios significativos (coma se pode comprobar vendo o *Informe Sociolaboral* anterior) como por exemplo que a comunidade de Madrid desbanca a Cataluña da primeira posición.

■ Cadro 1.21

Saldo exterior⁽¹⁾ en 2006 das distintas comunidades autónomas

	Con saldo exterior positivo			Con saldo exterior deficitario	
	Saldo	% do PIB pm		Saldo	% do PIB pm
Madrid	10.546	5,51	Andalucía	-26.967,0	-19,11
Cataluña	7.606	3,85	Castela e León	-12.885,0	-22,88
C. Valenciana	2.359	2,36	Galicia	-12.765,0	-23,81
País Vasco	2.327	3,54	Castela A Mancha	-9.660,0	-27,85
Navarra	1.289	7,32	Extremadura	-5.983,0	-33,65
Baleares	1.199	4,87	Canarias	-5.885,0	-15,07
A Ríoxa	132	1,71	Asturias	-4.787,0	-21,19
			Aragón	-2.880,0	-8,79
			Murcia	-1.769,0	-6,70
			Cantabria	-902,0	-6,73

(1) En millóns de euros

Fonte: FUNCAS. "Cuadernos de Información Económica" nº 196. xaneiro/febreiro 2007

■ Entre as dez comunidades que presentan un saldo negativo, Galicia é a terceira en valor absoluto (cedéndolle a Castela-León a segunda posición que ocupaba o ano anterior).

■ Na porcentaxe de déficit do saldo exterior *total* sobre o seu PIB Galicia ocupa (cun 23,81%, o que supón 3,91 puntos máis que no ano 2005) a terceira posición entre as dez comunidades autónomas (mentres que en 2005 era a cuarta), por detrás tan só de Estremadura e Castela-A Mancha.

■ A porcentaxe do saldo deficitario de Galicia en 2006 é moito maior (11,26 puntos porcentuais) que en 2004; esa suba dun 89,72% no último bienio reflicte o notable deterioro do noso comercio exterior total desde entón. A falla de competitividade que reflicte esta evolución esixe un grande esforzo para a mellora da produtividade da economía galega (cun esforzo que enfatice o investimento en educación regrada e máis en formación (ocupacional e continua), en investigación, desenvolvemento e innovación, en modernización da estrutura organizativa empresarial e outros aspectos xa tratados no epígrafe 1.3.2. deste *Informe Sociolaboral*).

Se comparamos os datos deste cadro cos do cadro 1.7 podemos comprobar que hai unha clara relación directa entre o saldo exterior *total* e a riqueza relativa dunha comunidade (medida co PIB por habitante); na análise dos dous cadros sobrancea que:

■ As seis comunidades cun maior índice de riqueza relativa son, por orde de maior a menor: Madrid, País Vasco, Navarra, Cataluña, Baleares e Aragón; todas elas figuran entre as comunidades que tiveron un saldo exterior *total* positivo en 2006.

■ As comunidades (ou cidades) autónomas de menor índice de riqueza relativa son, precisamente, as de maior porcentaxe deficitaria no comercio exterior *total*.

Cómpre non esquecer estas “*balanzas comerciais*” *totais autonómicas* á hora de negociar o novo marco da financiamento das comunidades autónomas, pois nas “*balanzas fiscais*” deficitarias (tan sacadas a relucir polos responsables dalgunha comunidade máis desenvolvida que Galicia) se encontra a contrapartida que en concepto de solidariedade adoita existir nos *estados do benestar* para compensar, cando menos parcialmente, ás comunidades menos desenvolvidas e que ademais financian (pola vía do comercio inter-autonómico) o crecemento económico das máis desenvolvidas.

1.5. Evolución dos prezos e dos salarios

Comezaremos este epígrafe co estudo da variación dos prezos en Galicia, España e a UE; centrarémonos despois na evolución salarial.

1.5.1. A inflación

O cadro 1.22 explicita que a taxa de inflación rexistrada en 2006 en Galicia (2,6%) foi 1,1 puntos inferior á do ano anterior e unha décima inferior á estatal de 2006. Esta suba dos prezos, con todo, está por riba da suba media na Unión Europea (2,1%) e da UEM (1,9%), como se comproba cos datos do cadro 1.23, que recolle a variación do IPC en cada estado da UE e no seu conxunto.


A desagregación por provincias no último ano da evolución do IPC mostra que a provincia de Pontevedra foi de novo a que rexistrou unha maior suba dos prezos (2,8%) mentres que a de Ourense foi a de menor crecemento dos prezos (2,3%).

Porcentaxe de variación do IPC⁽¹⁾. Galicia/España. 2001-2006

■ Cadro 1.22

	2001	2002	2003	2004	2005	2006
Galicia	2,6	4,3	2,3	3,3	3,7	2,6
España	2,7	4,0	2,6	3,2	3,7	2,7

(1) De decembro a decembro
Fonte: INE, IPC



Variación do IPC harmonizado.

■ Cadro 1.23

	Índices ⁽¹⁾	Taxa anual 2006
Alemaña	102,7	1,4
Austria	102,33	1,6
Bélxica	103,03	2,1
España	104,77	2,7
Finlandia	101,7	1,2
Francia	102,39	1,7
Grecia	105,2	3,2
Holanda	101,75	1,7
Italia	103,3	2,1
Luxemburgo	103,28	2,3
Portugal	103,93	2,5
Chipre	103,43	1,5
República Checa	102,00	1,5
Dinamarca	102,3	1,7
República Eslovaca	105,01	3,7
Eslovenia	103,67	3,0
Estonia	106,45	5,1
Hungría	107,17	6,6
Letonia	109,49	6,8
Lituania	106,07	4,5
Malta	100,62	0,8
Polonia	101,6	1,4
Reino Unido	104,0	3,0
Suecia	102,16	1,4
Unión Europea	103,20	2,1

(1) Base 1.1.05
Datos de decembro 2006
Fonte: EUROSTAT

■ Cadro 1.24

IPC(*). OCDE.2002-2006

	%	2002	2003	2004	2005	2006
OCDE	92,6	106,0	108,5	110,9	113,8	116,7
OCDE Europa	32,7	109,6	112,8	115,4	118,3	121,2
UE ⁽¹⁾						
UME	31,0	104,7	106,9	109,2	111,6	114,0
España	2,7	106,5	109,8	113,2	117,0	121,2
Alemaña	7,0	103,3	104,4	106,2	108,2	110,2
Francia	4,6	103,7	106,0	108,5	110,5	112,6
Italia	5,1	105,0	107,9	110,4	112,8	115,3
Países Baixos	1,3	109,2	111,6	113,1	114,9	116,8
Bélxica	0,9	104,0	105,6	107,6	110,3	112,9
Luxemburgo	0,0	104,5	107,2	110,6	114,8	118,2
Reino Unido	5,5	102,5	103,9	105,3	107,5	110,0
Irlanda	0,3	108,9	113,2	115,9	118,4	121,6
Dinamarca	0,4	104,7	106,8	107,8	109,6	111,6
Grecia	0,7	107,7	111,4	114,8	118,8	122,7
Portugal	0,7	108,2	111,8	114,6	117,0	120,6
Austria	0,7	104,0	105,4	107,4	109,7	111,5
Suecia	0,6	104,6	107,1	108,2	109,1	110,7
Finlandia	0,4	104,7	106,1	106,2	107,0	108,4
Suíza	0,8	101,6	102,3	103,1	104,3	105,4
Noruega	0,3	104,4	106,9	107,4	109,1	111,6
EE.UU	40,9	104,5	106,8	109,7	113,4	117,1
Canadá	2,9	104,8	107,7	109,7	112,2	114,4
Xapón	11,2	98,3	98,1	98,1	97,8	98,1

(*) Base 2000

(1) Países da UE: Índices de prezos de consumo harmonizado.

Fonte: OCDE. "Main Economic Indicators"

Os datos da OCDE que figuran no cadro 1.24 serven para avaliar a inflación acumulada desde o ano 2000; sobrancearemos que a suba de prezos en España (moi semellante á galega, como vimos antes) foi do 21,2%, moi por riba da suba na OCDE (16,7%) ou da UEM (14%). As maiores taxas de inflación acumuladas no sexenio analizado son as de Grecia (22,7%), Irlanda (21,6%), e España (21,2%) mentres que no outro extremo sitúase Xapón (cunha diminución do 1,9%).

A inflación subxacente (que é a que non ten en conta a variación dos prezos dos produtos enerxéticos nin dos alimentos non elaborados) quedou en Galicia en 2006 no 2,3%, tres décimas por baixo da suba do IPC e dúas décimas por baixo da inflación subxacente no conxunto do estado, como se ve no cadro 1.25, no que se comproba tamén a contención da suba nos epígrafes de *carburantes* e *combustibles* e máis *produtos enerxéticos*.

A información do cadro 1.26 ofrece a desagregación nos doce grupos de gasto do IPC e a súa taxa de variación no ano 2006 en Galicia e España; obsérvase nel que:

■ O comportamento dos prezos no pasado ano foi descendente, un ano máis, só nas *comunicacións* nos dous ámbitos territoriais (e en *ocio* e *cultura* en España), mentres que os dous grupos máis inflacionistas (por riba do 5%) foron en Galicia, por esta orde, *vivenda* (4,7%), *hoteis, cafés* e *restaurantes* (idéntica suba) e *ensino* (4,2%); en España tamén foron estes tres grupos os de maiores subas de prezos, superando tamén o limiar do 4% en todos.

■ Cadro 1.25

IPC por grupos especiais. Galicia e España. 2005 e 2006

		Dec. 05 ⁽¹⁾	Dec. 06 ⁽¹⁾
IPC xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos			
	Galicia	2,7	2,3
	España	2,9	2,5
IPC servizos (con aluguer de vivenda)			
	Galicia	3,4	3,7
	España	3,9	3,7
IPC carburantes e combustibles			
	Galicia	13,9	1,3
	España	13,0	1,7
IPC produtos enerxéticos			
	Galicia	10,9	2,2
	España	9,9	2,6

(1) Taxas de variación interanuais en %
 Fonte: INE, IPC.

■ Cadro 1.26

IPC por grupos de gasto. Galicia e España. 2006

1. Alimentos e bebidas non alcohólicas	
Galicia	3,1
España	3,2
2. Bebidas alcohólicas e tabaco	
Galicia	1,5
España	1,4
3. Vestido e calzado	
Galicia	1,0
España	1,3
4. Vivenda	
Galicia	4,7
España	4,9
5. Enxoval	
Galicia	3,1
España	2,6
6. Medicina	
Galicia	1,9
España	1,7
7. Transporte	
Galicia	1,7
España	1,8
8. Comunicacións	
Galicia	-1,7
España	-1,5
9. Ocio e cultura	
Galicia	0,1
España	-0,6
10. Ensino	
Galicia	4,2
España	4,4
11. Hoteis, cafés e restaurantes	
Galicia	4,7
España	4,4
12. Outros	
Galicia	3,1
España	3,9

Taxas de variación interanuais en %
 Fonte: INE.

Cómpre non esquecer que a evolución do IPC non recolle as variacións debidas á suba do prezo da compra de vivenda (aunque si a dos alugueiros) e que a vivenda subiu en Galicia e en España nos últimos anos moitísimo máis que o índice de prezos ao consumo (dobrou o crecemento do IPC en 2006 e en varias ocasións triplicouno -ou mesmo cuaduplicouno, nalgún ano-. Tendo en conta que o pago da hipoteca é o primeiro capítulo de gastos dos fogares galegos (excluído o alimentario), a conclusión sobre a importante suba *real* do custo da vida parécenos ben evidente.

A *Enquisa de condicións de vida das familias* que realiza o IGE reflicte en 2006 que:

■ Segue a avanzar a porcentaxe de fogares galegos con gasto en hipoteca (no último ano nun 17%, o maior crecemento do último quinquenio) e que xa duplican a porcentaxe de fogares galegos en aluguer.

■ O gasto medio mensual dun fogar galego en pago da hipoteca foi de 362 euros (un 10,7% máis que en 2005) mentres que o gasto medio mensual dun fogar galego en alugueiro quedou nos 228 euros (un 4,1% máis que en 2005).

Todas as estatísticas que comparan as subas dos salarios coas (moito maiores) dos prezos das vivendas na última década constatan a notable perda de capacidade real de compra en Galicia e en España; especialmente difícil é actualmente a posibilidade de acceso á compra da vivenda da mocidade “milleurista”, esa xeración de mozos e mozas máis formados ca nunca na nosa historia pero que deben conformarse en moitos casos con acceder –nun mercado laboral “dual”- a un traballo temporal e moi pouco retribuído.

Parece evidente, pois, que o IPC non está a recoller un factor clave do gasto real das persoas que están a pagar a súa vivenda propia; para moitas familias, a gradual pero continua suba do EURIBOR que comezou en xullo de 2005 está a baixar fortemente o seu nivel adquisitivo.

O seguimento do Ministerio de Economía e Facenda da evolución dos prezos de trinta alimentos frescos nos últimos anos tamén constatou que a maioría deles subiron máis dun 10% (o triplo do que computa para este grupo de gasto a variación do IPC); cómpre telo en conta para non mitificar as cifras proporcionadas polo INE nin considerar que miden, sen máis, a evolución *real* do custo da vida. Factores hai –algún visto aquí- que poden desbotar esa crenza.

1.5.2. Os custos laborais

A *Enquisa Trimestral de Custo Laboral* é unha estatística realizada polo INE, de periodicidade trimestral, que forma parte dos euroindicadores que EUROSTAT solicitou aos estados da área euro co obxectivo de medir a potencial converxencia dos custos laborais nos estados membros; unha das súas principais aplicacións é permitir actualizar anualmente a *Enquisa de Custo Laboral* que se realiza cuadrienalmente nos estados da UE.

Cómpre sinalar que se entende por *custo laboral* o custo total que ten o empregador/a pola utilización do factor traballo (inclúe o salarial e máis outros custos) e por *custo salarial* o conxunto de remuneracións brutas (en efectivo ou en especie) realizadas ás persoas traballadoras por conta allea

O cadro 1.27 recolle o custo laboral (por traballador/a/mes e por hora efectiva) nas distintas comunidades autónomas (e no conxunto do estado) no ano 2006. Compróbase que:

■ Cadro 1.27

Custo laboral. Por comunidades autónomas. 2006⁽¹⁾

	Custo laboral por traballador/a e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice ⁽²⁾	Taxa ⁽³⁾	Euros	Índice ⁽²⁾	Taxa ⁽³⁾
España	2.310,86	131,4	3,4	17,24	137,3	4,7
Andalucía	2.094,04	130,5	4,1	15,59	137,2	5,2
Aragón	2.312,33	133,6	4,4	17,39	137,7	4,2
Asturias	2.264,24	129,0	2,1	17,31	133,8	1,5
Baleares	2.254,16	143,9	4,0	17,01	157,2	5,8
Canarias	1.890,01	125,6	3,0	13,63	129,3	3,4
Cantabria	2.159,03	130,4	4,8	16,37	138,3	7,2
Castela A Mancha	2.049,75	134,5	5,1	14,90	140,7	5,6
Castela e León	2.172,96	130,6	2,8	16,41	137,2	2,2
Cataluña	2.485,56	134,9	3,7	18,78	140,4	4,6
Com. Valenciana	2.072,92	130,7	3,2	15,34	135,9	6,2
Extremadura	1.892,28	131,0	3,9	14,04	136,6	3,3
Galicia	2.010,30	131,1	4,6	15,05	140,1	6,7
Madrid	2.697,03	129,6	2,6	19,80	135,5	5,0
Murcia	1.982,49	136,5	3,1	14,88	141,2	5,1
Navarra	2.590,59	133,9	2,8	19,95	140,4	3,7
País Vasco	2.680,19	130,4	2,8	20,60	133,9	4,2
A Ríoxa	2.169,01	130,6	4,6	16,19	137,0	6,0

(1) Datos do 4º trimestre.

(2) Base ano 2000

(3) Variación porcentual sobre mesmo trimestre do ano anterior

Fonte: INE. Encuesta Trimestral de Coste Laboral

■ En Galicia o *custo laboral por traballado/ar e mes* é o cuarto comezando por abaixo (tras Extremadura, Canarias e Murcia), cun 87% do estatal; acurtouse en 2006 nun punto a diferenza ca media española e nos dous ámbitos espaciais subiu máis que a inflación anual.

■ O índice que presenta a variación acumulada no último sexenio reflicte que a suba galega foi inferior en tres décimas á media española (pechándose a diferenza en 1,5 puntos porcentuais en 2006).

■ O *custo laboral por hora efectiva* de traballo sitúa a Galicia na quinta posición comezando por abaixo (tras Canarias, Extremadura, Murcia e Castela-A Mancha); subiu en 2006 dous puntos porcentuais máis en Galicia que en España (nos dous casos por riba da inflación nese ano); o índice constata que no período 2000-2006 este custo subiu 2,8 puntos máis en Galicia que na media estatal, pero o custo laboral por hora efectiva en Galicia segue a estar moi por baixo do estatal (é un 87,3%).

O cadro 1.28 recolle o custo salarial (por traballador/a/mes e por hora efectiva) nas distintas comunidades autónomas (e no conxunto do estado) no ano 2006. Compróbase que:

■ O índice que presenta a variación acumulada no último sexenio reflicte que a suba galega foi inferior en 1,3 puntos á media española (pechándose a diferenza en 0,8 puntos respecto do ano anterior).

■ En Galicia o *custo salarial por traballador/a e mes* é o cuarto comezando por abaixo (tras Canarias, Estremadura e Murcia), cun 85,9% do estatal; creceu en 2006 sete décimas máis que na media española e nos dous ámbitos espaciais subiu máis que a inflación anual.

Aínda tendo Galicia un nivel medio de prezos inferior a media estatal (un 4% por baixo) o nivel salarial medio das persoas galegas debería aumentar ao redor dun 10% para quedar parello ca media do poder adquisitivo dos salarios no conxunto do estado.

O *custo salarial por hora efectiva* de traballo, pola súa banda, sitúa a Galicia na quinta posición comezando por abaixo (tras Canarias, Estremadura, Castela-A Mancha e Murcia); subiu en 2006 punto e medio máis en Galicia que en España (en ambos os casos por riba da inflación nese ano); o índice constata que no período 2000-2006 este custo subiu 1,7 puntos máis en Galicia que na media estatal. Actualmente o custo laboral por hora efectiva en Galicia é un 86,2% do estatal (1,2 puntos máis que no ano anterior).

■ Cadro 1.28

Custo salarial. Por comunidades autónomas. 2006⁽¹⁾

	Custo salarial por traballador/a e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice ⁽²⁾	Taxa ⁽³⁾	Euros	Índice ⁽²⁾	Taxa ⁽³⁾
España	1.743,41	131,4	3,7	13,01	137,4	5,0
Andalucía	1.555,14	128,7	5,0	11,58	135,4	6,1
Aragón	1.737,52	134,3	4,0	13,07	138,5	3,8
Asturias	1.688,66	129,6	2,3	12,91	134,5	1,7
Baleares	1.709,37	145,1	4,8	12,90	158,7	6,5
Canarias	1.394,91	123,1	2,9	10,06	126,7	3,3
Cantabria	1.590,69	129,2	4,8	12,06	136,9	7,2
Castela A Mancha	1.517,15	133,1	4,6	11,03	139,3	5,1
Castela e León	1.635,98	132,3	3,6	12,36	139,0	3,0
Cataluña	1.902,41	136,2	3,6	14,37	141,7	4,5
Com. Valenciana	1.547,02	131,1	4,1	11,45	136,3	7,0
Estremadura	1.409,81	130,1	3,9	10,46	135,5	3,4
Galicia	1.496,93	130,1	4,4	11,21	139,1	6,5
Madrid	2.059,44	129,1	2,9	15,12	135,0	5,3
Murcia	1.478,01	137,3	3,0	11,09	142,0	5,0
Navarra	1.960,84	135,2	1,8	15,10	141,8	2,9
País Vasco	2.035,97	131,4	3,3	15,65	135,0	4,8
A Rioxa	1.632,65	131,7	4,6	12,18	137,9	5,9

(1) Datos do 4º trimestre.

(2) Base ano 2000

(3) Variación porcentaxe sobre mesmo trimestre do ano anterior

Fonte: INE. Encuesta Trimestral de Coste Laboral

O cadro I.29 reflicte *outros custos laborais* diferentes dos salariais. Entran aquí as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e máis as percepcións non salariais (indemnizacións por despedimento, pagamentos por desemprego ou por incapacidade tem-

poral, gastos de locomoción e axudas de custo de viaxe, plus de distancia ou de transporte, indemnizacións por traslados ou por finalización de contrato, etc.). Sobrancearemos que:

■ *Por persoa traballadora e mes*, Galicia foi en 2006 a cuarta comunidade por incremento destes custos (tras Castela-A Mancha, Navarra e Aragón). O índice amosa que na suba acumulada no último sexenio Galicia superou a media estatal en 2,5 puntos, pero segue a estar por baixo do valor estatal (é un 90,5%).

■ *Por hora efectiva de traballo*, Galicia tivo en 2006 a maior suba de todas as comunidades autónomas (7,6%) e practicamente duplicou o crecemento medio español (3,9%). O índice amosa que na suba acumulada no último sexenio Galicia superou a media estatal en 6,4 puntos, pero segue a estar por baixo do valor estatal (é un 90,8%).

■ Cadro 1.29

Outros custos. Por comunidades autónomas. 2006⁽¹⁾

	Outros custos por traballador/a e mes			Outros custos por hora efectiva		
	Euros	Índice ⁽²⁾	Taxa ⁽³⁾	Euros	Índice ⁽²⁾	Taxa ⁽³⁾
España	567,45	131,5	2,6	4,23	136,9	3,9
Andalucía	538,90	136,2	1,8	4,01	142,7	2,6
Aragón	574,81	131,6	5,6	4,32	135,4	5,4
Asturias	575,58	127,2	1,5	4,40	131,7	0,9
Baleares	544,79	140,1	1,7	4,11	152,8	3,5
Canarias	495,10	133,3	3,2	3,57	137,3	3,8
Cantabria	568,34	133,9	4,8	4,31	142,2	7,2
Castela A Mancha	532,60	138,4	6,4	3,87	144,9	6,9
Castela e León	536,98	125,5	0,5	4,05	131,9	0,0
Cataluña	583,15	131,0	4,0	4,41	136,1	5,0
Com. Valenciana	525,90	129,4	0,7	3,89	134,6	3,7
Extremadura	482,47	133,9	3,7	3,58	139,8	3,2
Galicia	513,37	134,0	5,4	3,84	143,3	7,6
Madrid	637,59	131,2	1,6	4,68	137,2	4,0
Murcia	504,48	134,3	3,2	3,79	138,8	5,3
Navarra	629,75	130,0	5,7	4,85	136,2	6,6
País Vasco	644,22	127,1	1,2	4,95	130,6	2,5
A Rioxa	536,36	127,5	4,6	4,01	134,1	6,1

(1) Datos do 4º trimestre.

(2) Base ano 2000

(3) Variación porcentaxe sobre mesmo trimestre do ano anterior

Fonte: INE. Encuesta Trimestral de Coste Laboral

O cadro I.30 reflicte que, anque as horas pactadas de traballo foron en 2006 lixeiramente superiores en Galicia que na media estatal (media hora mensual de diferenza) a xornada laboral efectiva foi algo inferior en Galicia (media hora mensual) porque houbo unha hora máis mensual “non traballada” en Galicia. Este mesmo cadro permítelle ás persoas interesadas a análise cun maior nivel de desagregación, diferenciando entre traballos a tempo completo e a tempo parcial.

■ Cadro 1.30
Xornada laboral⁽¹⁾. Por comunidades autónomas. 2006

	Horas por traballador/a e mes			Tempo completo			Tempo parcial		
	Horas pactadas	Horas efectivas	Horas traballadas	Horas pactadas	Horas efectivas	Horas traballadas	Horas pactadas	Horas efectivas	Horas traballadas
España	156,6	134,0	23,4	169,4	144,9	25,5	85,8	74,1	12,0
Andalucía	155,6	134,4	21,8	169,0	145,9	23,7	85,6	74,1	11,5
Aragón	155,5	133,0	24,1	169,0	144,5	26,4	81,0	69,5	11,6
Asturias	153,9	130,8	23,9	167,1	141,7	26,4	78,4	69,0	9,5
Baleares	157,3	132,5	25,5	170,0	143,0	27,7	96,1	81,7	14,5
Canarias	160,2	138,7	22,1	171,9	148,8	23,7	86,9	75,5	11,8
Cantabria	155,7	131,9	25,0	169,2	143,2	27,3	79,4	68,1	11,9
Castela A Mancha	158,6	137,6	21,5	169,4	146,7	23,2	72,9	64,6	8,4
Castela e León	155,6	132,4	23,8	168,3	142,9	26,1	81,7	71,3	10,7
Cataluña	155,8	132,4	24,6	170,2	144,4	27,2	85,2	73,6	12,0
Com. Valenciana	158,7	135,1	24,4	170,7	145,1	26,4	91,6	79,0	13,2
Estremadura	154,4	134,8	20,1	168,2	146,8	22,0	71,7	62,8	9,1
Galicia	157,1	133,5	24,4	169,8	144,0	26,6	81,7	71,6	11,1
Madrid	157,4	136,2	22,4	169,3	146,6	24,0	88,7	76,1	12,9
Murcia	156,0	133,2	23,3	170,3	145,4	25,6	91,6	78,6	13,1
Navarra	155,2	129,9	26,4	167,4	140,2	28,3	88,7	73,6	16,0
País Vasco	153,8	130,1	24,5	165,9	140,2	26,6	81,0	69,8	11,4
A Ríoxa	156,5	134,0	23,3	169,7	145,2	25,5	86,4	74,7	12,1

(1) Base ano 2000

Fonte: INE. Encuesta Trimestral de Coste Laboral

Como complemento da *Enquisa Laboral de Custo Trimestral*, o INE elabora a *Enquisa Anual de Custo Laboral*, co obxectivo fundamental de cuantificar os niveis anuais de custo laboral medio por persoa traballadora, estudando cunha maior desagregación os principais compoñentes do mesmo.

Os últimos datos publicados corresponden ao ano 2005 e poden verse para as distintas comunidades autónomas (e para a media estatal) no cadro I.31. Os custos laborais netos máis baixos correspóndenlle a Estremadura, Canarias, Murcia e Galicia.

No estudo desagregado dos diferentes compoñentes do custo laboral bruto, sobrancearemos desde a nosa perspectiva que Galicia está entre as tres comunidades autónomas cun maior valor no apartado de *Outros compoñentes do custo laboral bruto* (que inclúe, entre outros aspectos, as indemnizacións por despedimento e por fin de contrato, gastos de carácter social, pagos compensatorios –como a roupa de traballo- ou gastos en formación profesional). Por outra parte, está entre as tres comunidades autónomas cun menor nivel das cotizacións obrigatorias á Seguridade Social (que obviamente está vencellado co nivel salarial medio de cada comunidade).

No tocante á comparanza con outros estados da Unión Europea, a *Enquisa de Custo Laboral* realízase cuadrienalmente co obxectivo de estimar o custo do factor traballo nos distintos estados da UE. Nos datos presentados na última enquisa por EUROSTAT no ano 2003 comprobábase que España era un dos estados con menor custo laboral da UE (cun 62,64% da media dos quince estados que entón a integran), só por diante de Grecia e Portugal. A incorporación de doce novos estados da

UE (con nivel salarial por baixo do español) fará que na seguinte enquisa a situación cambie notablemente.

A importante diferenza entre a ganancia media de homes e mulleres deixámola reflectida no cadro 1.29 do “Informe” anterior, que explicita os datos para os distintos estados e o conxunto da UE (vintecinco estados, entón). Outra fonte (a Axencia Tributaria) certifica tamén a forte diferenza salarial entre homes e mulleres en Galicia, pois cuantifica nun 74% o salario feminino en relación co masculino.

A evolución no quinquenio 2000-2005 do índice que mide as ganancias por hora pode verse no cadro 1.30 do “Informe” anterior para a OCDE, OCDE Europa, UE-15 ou dezaseis estados da OCDE (entre eles España).

Cómpre non esquecer ao estudar o custo laboral ou o custo salarial que un dos importantes condicionantes dos ingresos de moitos fogares é o importe do salario mínimo interprofesional. O noso, pese á importante suba porcentual do último trienio, non chega á metade dos de Reino Unido, Francia, Bélxica, Holanda ou Luxemburgo; a diferenza de prezos con eses cinco estados non se achega -nin moito menos- ao diferencial dos salarios mínimos, polo que o poder adquisitivo do noso SMI queda moi por baixo dos eses países: un estudo de EUROSTAT sinala que, tendo en conta a compra dun mesmo grupo de produtos, os españois deben desembolsar máis do 20% do SMI (o dobre que na media da UE-15) e só Portugal debe desembolsar unha porcentaxe maior do SMI na compra desa “cesta de produtos”.

■ Cadro 1.31

Custo laboral⁽¹⁾ e os seus compoñentes. Por comunidades autónomas. 2006

	Custo bruto	Soldos e salarios	Cotizacións obligatorias	Cotizacións voluntarias	Prestacións sociais directas	Outros ⁽²⁾	Subvencións e deducións	CUSTO NETO
España	25.736,97	18.750,12	5.874,45	175,31	277,79	659,30	235,16	25.501,81
Andalucía	23.193,92	16.643,38	5.459,67	109,31	218,69	762,87	185,70	23.008,22
Aragón	25.292,74	18.302,42	5.902,80	175,18	313,66	598,68	246,99	25.045,75
Asturias	25.618,79	18.493,82	6.168,57	283,08	258,82	414,50	247,79	25.371,00
Baleares	24.209,54	17.542,17	5.557,35	167,64	292,24	650,14	214,35	23.995,19
Canarias	21.561,44	15.538,09	5.079,96	103,35	272,73	567,31	136,10	21.425,34
Cantabria	24.049,66	17.315,47	5.849,28	161,22	371,74	351,95	199,88	23.849,78
Castela A Mancha	22.379,15	16.203,79	5.360,91	139,22	228,65	446,58	179,83	22.199,32
Castela e León	24.005,24	17.308,73	5.628,15	158,58	286,00	623,78	217,29	23.787,95
Cataluña	27.440,27	20.171,92	6.210,75	170,30	270,76	616,54	284,22	27.156,05
Com. Valenciana	23.027,47	16.673,80	5.461,29	118,91	177,95	595,52	231,62	22.795,85
Extremadura	20.986,91	15.050,30	4.929,24	106,73	265,79	634,85	153,25	20.833,66
Galicia	22.071,33	15.828,05	5.186,91	157,10	239,19	660,08	236,26	21.835,07
Madrid	30.755,22	22.724,78	6.407,64	290,15	384,41	948,24	238,15	30.517,07
Murcia	21.886,50	15.815,40	5.282,85	110,58	223,02	454,65	233,98	21.652,52
Navarra	28.820,10	21.176,02	6.855,72	171,10	272,08	345,18	320,03	28.500,07
País Vasco	29.908,35	21.878,59	6.979,53	247,85	374,32	428,06	318,98	29.589,37
A Rioxa	23.803,00	17.282,16	5.747,04	182,05	196,86	394,89	226,05	23.576,95

(1) En euros por persoa ocupada

(2) Outros compoñentes do custo laboral (inclúe indemnizacións por despedimento, gastos en formación profesional, en transporte, gastos de carácter social, indemnizacións fin de contrato, pagos compensatorios (ferramentas, roupa de traballo...) e outros gastos. Exclúe axudas de custo e gastos de viaxe
Fonte: INE. “Encuesta Trimestral de Coste Laboral”

No relativo ao *SMI por hora efectiva traballada* en distintos estados da Unión Europea, nun Informe Sociolaboral anterior presentamos os datos que reflicten que o noso non chega á terceira parte da media da UE-15 (32%), porcentaxe moi alonxada da que supón o PIB por habitante corrixido polo poder de compra en Galicia (ben máis do dobre desa porcentaxe) ou España (case o triplo).

No capítulo 9 deste Informe figura a suba salarial establecida na negociación colectiva en Galicia e no conxunto estatal nos últimos anos; consideramos que a súa visión pode ser interesante para complementar o analizado neste apartado.